Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO

2005 ❧ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Pedras

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A Pena Castelo de Rao

A Pena Castelo está na parroquia de Rao, concello de Navia de Suarna (Lugo). A 900 metros de altitude sobre o nivel do mar, domina un pequeno val regado polo río que tomou o nome da freguesía. No tocante ao topónimo non hai acordo canto ao porqué de tal nome: un primitivo asentamento castrexo para uns, unha torre medieval para outros ou que, pola forma que debuxan as colosais penas que a coroan, semella unha fortaleza. Na compañía de Manolo G. Trabada, que actuou como eficaz guía, adentrámonos por serpeantes e estreitas estradas no corazón dos Ancares lugueses. Mentres conducía, Manolo lembroume, unha vez máis, os segredos que agocha a Pena Castelo. Asegúrase que nun momento non precisado da Idade Media (non existe documento que testemuñe tal feito), o castelo foi asaltado e destruído, disque o lugar onde os atacantes emprazaron os canóns quedou ermo para sempre pola gran cantidade de pólvora utilizada que por queimar, queimou ata as pedras. Cóntase tamén que a media ladeira do monte hai unha cova (ou máis dunha) que vai dar ao río. E está a serpe.

Cando chegamos ao lugar, iniciamos o ascenso, a espesa matogueira primeiro e as verticais penedas a continuación fixeron que o curto traxecto ata o cume nos levara máis tempo do previsto. Mais mereceu a pena. Agochado entre a vexetación batemos cun muro, uns metros máis adiante con outro, e logo cos alicerces do que semellaba unha vivenda. O abrupto do terreo, a coidada disposición das pedras e a anchura, de case un metro, desbotaba a hipótese de que aquilo fosen unhas sinxelas paredes divisorias dunha herdade. Unha albariza?,

aventurei. Pola forma e a orientación, imposible, sentenciou Manolo. Tras tirar as fotos para rexistrar o inesperado achádego e admirar a impresionante panorámica, soltei a pregunta: E a serpe? Imos visitar a un amigo, respondeu Manolo sen máis. Montamos no coche e baixamos cara Laxo, ata a casa do señor Nemesio, un home que na fronteira dos noventa anos acumula no seu maxín as súas propias vivencias e as dos seus antergos que, xeración tras xeración, loitaron por dominar esta agreste terra. Logo das presentacións de rigor, Manolo foi ao gran: Que sabes da serpe? O señor Nemesio, despois de observarnos longo rato en silencio, falou.

"Xunto o río, ao pé da Pena Castelo, hai varias penedas que non chaman máis a atención que outras moitas que hai pola contorna. Mais hai unha, lambida pola auga, que posúe unha característica que a fai distinta: ten gravada unha serpe. Entre os veciños corría a historia de que alí había un tesouro, mais, a pesar das horas gastadas na súa procura, ninguén daba con el. En tempos dun meu avó, un verán de mediados do século XIX, a seca fixo que o río Rao minguara o seu caudal ata límites nunca vistos, feito que aproveitou un home da aldea para examinar de cerca a Pena da Serpe. A rocha, además da gravura, non amosaba, a simple vista, ningún elemento que denunciara algún indicio que levara ao devecido tesouro. Cando, farto, se dispoñía a abandonar o empeño, notou que algo se movía baixo os seus pés. Mirou cara o chan e observou que estaba apoiado sobre unha lousa perfectamente cadrada, feitura, cavilou, na que pouco tiña que ver a acción da natureza. Levantou a lousa, colleu o sacho que levaba canda el e comezou a cavar na branda terra que, para que non lle estorbara, ía botando ao río. O corazón deulle un volco cando, despois de varias horas de inútil esforzo, o sacho petou con algo duro. Mais a esperanza axiña se esvaeu, non se trataba dun deses arcóns dos que falaban as lendas, era, simplemente, unha dura rocha imposible de fender. A noite botábase enriba cando, desanimado, entrou na súa casa. Canso, puxo as botas xunto a lareira e sentou nun banco. Coa mirada fixa no lume, pensou como se deixara engañar por un fato de andrómenas: os tesouros, simplemente, non existían, e menos nun lugar tan afastado. A quen se lle ía ocorrer agochar un tesouro en Laxo?

Unhas cousas brillantes tintinearon sobre as súas botas. Muxicas que foxen do lume? Ergueuse, non fose que aviveceran e llas queimaran, os tempos non estaban para tirar cos cartos. Inclinouse para collelas, e así quedou, como entalecido. Co resplandor da lareira, as botas adquiriron tal brillo que semellaban de ouro. Ouro? Sen pensalo dúas veces, colleu o sacho, un saco e un candil e regresou á Pena da Serpe. Foi, ao enfocar o profundo burato que fixera, cando se decatou de todo, a lousa que actuaba de tampa cubría unha arca de pedra. De xeonllos, frotou a arca coas mans que, ao achegalas ao candil, resplandecían: A terra, que con tanto afán guindara cara o río, era ouro!

Sábese, rematou o señor Nemesio, que conseguiu recuperar algún po de ouro polo que vendeu por dezasete mil reás".

Aínda existe a serpe?, preguntei. Existe, aquí coñécenna todos. Xa de noite, despedímonos, mais non sen antes asegurarlle que non tardariamos en volver. Durante o camiño de regreso faleille a Manolo das serpes insculpidas no castro de Penalba, no castro de Troña, na Pedra da Boullosa, da Pedra da Serpe de Gondomil.

Atopar na Serra dos Ancares un exemplar así si sería un auténtico tesouro.

[Texto e fotografía de Xabier Moure Salgado. Agosto de 2011]